

# Xente ao lonxe

DÉBORA CAMPOS

Faltan nomes nesta historia e sobran alcumes. E ninguén parece incómodo con iso. No mundo da internet as regras son outras e, pode que por iso mesmo, estea pasando o que pasa. É noite xa. En Suecia, Kiko Novas é posible que estea xogando coa súa filla de tres meses. Rabudo está a pouco de rematar o día laboral en Compostela e marchar á casa, mentres torredababel —que ten a mesma profesión en Buenos Aires— só leva dúas horas no xornal no que agora comeza o traballo duro. E, en canto Acedre, nos Estados Unidos, aínda terá moito que facer na fábrica na que se emprega, Veloso pode estar agora mesmo na súa casa de Zamora mergullado na memoria do móbil na procura dalgunha frase rescataada aí para gardar unha historia. Hai menos dunha década, ningún destes homes e mulleres se cruzaría na vida con toda seguranza. Porén, hoxe todos eles (e moitos máis) están tecendo o corpo dunha galegitude que non sabe de fronteiras nin de quilómetros. Unha Galiza nova e vella, que fala dos tópicos pero tamén fala doutros asuntos, que olla para si mesma e para o mundo todo. Que gaña poboadores aínda que non teña a forza de deixar pegadas ben debuxadas no chan. Unha Galiza que se constrúe nos ordenadores e que xa está parindo novas formas de facer literatura, de facer xornalismo, de facer historia, ou de traballar polo ensino. Unha Galiza que fala máis en galego ca en castelán, aínda que tamén pode falar en inglés e en sueco ou en calquera lingua, que iso case que é o de menos.

## Fenómeno

“Internet viviu nos tres últimos anos a emerxencia dun novo formato de comunicación, os *blogs*, ou bitácoras. Estas pequenas publicacións, de edición individual en boa parte dos casos, están a supoñer un auténtico desafío metodolóxico para comprender os cambios sociais e comunicativos que as novas tecnoloxías están a inducir nas



sociedades contemporáneas”, anotaron os integrantes do Grupo de Investigación en Novos Medios da Universidade de Santiago de Compostela, no seu último e revelador traballo dado a coñecer no Encontro de Blogs de Galicia, organizado polo Consello da Cultura Galega o pasado mes de abril.

A investigación, titulada “A blogosfera en galego: demografía, usos e contidos” e asinada

polos académicos Silvia Canabal, Manuel Gago, Xosé López, Antonio Isasi, Moisés Limia, e José Pereira, mergullou nas características destes espazos que, acotío, engaden tixelos na construción da galegitude.

Segundo o traballo dos investigadores composteláns, “na actualidade, existen non menos de 33 millóns de *blogs* no mundo. A cifra está en progresión constante dende o ano 2000, aínda que nos últimos anos está vivindo unha expansión espectacular”.

O escritor Francisco Castro ten a súa propia clasificación de bitácoras: “Eu diría que hai tres tipos de *blogs* moi claros: o que é puramente un diario no que a xente verque a súa vida (interésanme pouco estes como lector), os que procuran a polémica custe o que custe (interésanme aínda menos), e os que eu concibo como ‘medios de comunicación’. Éses son os que leo e os que me interesan”.

E se os números gobernan o mundo, estes falan dabondo: “A nivel mundial, o número de *blogs* duplicase cada cinco meses, aproximadamente, e a súa popularización é, posiblemente, a máis masiva dun formato de comunicación na historia. En xaneiro de 2004, existían menos de dous millóns de *blogs*. En xaneiro de 2005, rexístranse máis de 6 millóns. Será neste ano cando se produza un enorme incremento exponencial. A principios do 2006 xa existían cando menos 26 millóns de *blogs*. A velocidade non pareceu diminuír. No momento de redacción deste relatório, existen alomenos 34 millóns de bitácoras

no mundo”, dicían hai pouco os autores da investigación sobre a blogosfera.

Así e todo, erra quen pense que todo isto só se trata dun asunto tecnolóxico. Os *blogs* están redeseñando e desafiando os límites e características do que hoxe se coñece como identidade e cultura galegas.

### Esa nova Galiza

Antes do revelador traballo asinado polos académicos composteláns e dentro mesmo da comunidade de blogueiros (persoas que levan unha destas bitácoras con relativa periodicidade), o sociólogo Carlos Neira, autor da páxina Calidonia, foi publicando unha serie de cálculos, táboas e gráficos en que radiografaba algunhas características dos *blogs* galegos. El mesmo explicou que —para iso— deu forma a unha base de datos de máis de mil bitácoras que empregan a lingua galega na súa totalidade ou en partes da páxina.

Naquelas conclusións, Neira aseguraba que dos máis de 1.200 *blogs* “censados a día de hoxe (abril de 2006) aproximadamente uns 500 dos que están feitos dende Galiza poden ser localizados ao longo e largo do territorio”. A conta indica que moitos outros se fan dende fóra da terra, o que fala dunha Galiza espallada polo mundo tamén en internet.

Esta blogosfera —explicaban os autores do Grupo de Investigación en Novos Medios da Universidade de Santiago de Compostela— viu medrar o número de membros nos últimos anos de xeito exponencial: “En Galicia, de xeito sincronizado co resto do mundo, esta gran explosión de contido produciuse no ano 2005, onde apareceron máis do 68 por cento dos *blogs* analizados na nosa mostra”.

E engaden algo máis: “Cómpre reflexionar sobre as implicacións que isto pode ter para a presenza da lingua galega na Internet. Se podiamos pensar que o número de webs en galego se reducía a sitios institucionais, culturais, un monllo de empresas e unhas cantas páxinas persoais, agora o número de sitios en galego multiplícase a cada momento e sen incentivos de tipo administrativo”.

### Unha lingua, moitos falantes

Kiko Novas ten unha hipótese disparatada: di que o sueco é unha variante dialectal do galego e, para ledicia dos lectores da súa páxina, ás veces engade concursos ou sorpresas sobre esas dúas linguas que ben coñece: a primeira porque vive en Suecia; a segunda porque é a súa (“é o meu vehículo natural”, dirá). Dende o seu ordenador, e mentres a súa filla sueco-galega probablemente dorme, el conta: “Comecei co *blog* por un desexo de contar aquelas cousas que non teñen cabida nunha reportaxe (eu son xornalista) e pola necesidade de estar conectado coa xente que aprecio e que quería saber de min”.

Dende Zamora, o escritor multipremiado Xurxo Sierra Veloso (autor do magnífico *blog* “O rei de copas”, o mesmo título do seu libro), tamén lembra como chegou ao mundo das bitácoras: “Empecei por curiosidade, case como experimento. Lía algúns *blogs* (fundamentalmente o de Manuel Bragado, “Brétemas”) e apetecía-me probar algo así. Curiosamente, ao principio quería facer algo relacionado coa actualidade política. Pero, ao pouco de empezar co *blog*, ocrreuseme que sería boa idea contar algunha das anécdotas da xente da aldea natal da miña nai, a famosa Silvaoscura (Concello de Ramirás, provincia de Ourense)”. Veloso, unha mestura entre o nome e o alcume, fala dunha serie de relatos que teñen como protagonistas os poboadores desa aldea e que é moi aplaudida na comunidade blogueira.

Ao respecto, o autor de *Licor de abelá con xeo* di: “De súpeto, decateime de que nese mundo vivían certos personaxes que levaban consigo unha aura literaria, como se estivesen a agardar o momento en que alguén se decidise por fin a contar as súas historias. Os habitantes de Silvaoscura, os da parroquia enteira, son case todos moi velliños, polo que era evidente que, se non se recollían agora os seus casos e as súas cousas, xa ía ser imposible facelo. Xa que logo, grazas ao *blog* estou tentando recrear, dentro das miñas limitadas posibilidades, un mundo que está a piques de desaparecer e ao que eu pertenzo. É un curioso paradoxo: as novas tecnoloxías e as vellas historias”.

Sierra Veloso pode escribir na casa ou no traballo: “Cando vou a Silvaoscura, procuro estar

atento ás conversas que oíu. Cando escoito algo que me chama a atención, anoto —case sempre no teléfono móbil— un par de palabras, talvez unha frase enteira, que me sirva de fio condutor para a seguinte historia. O sorprendente é cando escribes algo e ao día seguinte descubres que houbo persoas que o leron e mesmo che brindan o seu comentario. É algo que nunca deixa de emocionarme”.

O escritor non é optimista sobre o futuro do galego. Non obstante, é a lingua que usa na súa páxina: “Eu son galegofalante. É a lingua da miña familia e a que recibín de pequeno. É, pois, a miña lingua. Non son optimista con respecto ao seu futuro, sei que non é comercial e que moita xente ten prexuízos contra os que empregamos o galego de maneira sistemática. Aínda así, sinto que teño unha obriga —ben pracenteira, por certo—: seguir a empregar o idioma que me une á miña xente e á miña terra”, promete.

A lingua, como xa mostraron as dúas análises que se fixeron do blogomillo (o xeito de se autonoamear da blogosfera galega), é con moita frecuencia tema de debate. Hai quen usa o galego dun xeito natural (é a lingua que máis empregan acotío), e tamén hai quen o fai porque deixa niso un compromiso. Parzival podería pertencer aos dous grupos: “Vejo os blogs como un medio de expresión persoal e sempre estive interesado en dar saída a ideas, pensamentos e experiencias, em partilhar todo isso com quem estiver interessado. Num principio, comecei com um blogue em castelhano, que aínda mantenho embora não esteja muito satisfeito com ele. Foi quando comecei o blogue em galego que decidi publicar uma entrada diária. Tratava-se, ademais, de praticar o meu português escrito”, conta.

E engade o que chama “nota prescindível” que ten moita importancia: “Estudo portugués na Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, mas não assisto às aulas porque trabalho e moro em Madrid nove meses ao ano. Faço os exames em setembro e preciso de manter o idioma “fresco”. Além disso, estudo português e publico ‘Polvo à feira’ seguindo as súas normas gramaticais porque sou reintegracionista e as variantes conhecidas como ‘de mínimos’ e ‘de máximos’ não me parecem satisfatórias. Para mim, o galego e o portugués são o mesmo idioma. Por tanto, penso que devem ter uma soa norma gramatical, embora haja que manter as diferenças fonéticas e léxicas entre as distintas variantes regionais”.

Profesor, académico e escritor, Marcos Valcárcel leva unha das páxinas máis coidadas tanto no contido dos artigos coma nas imaxes. Aínda que el non foi escolarizado en galego, é difícil imaxinalo escribindo noutra lingua que non sexa o galego. El mesmo explica por que: “O galego é a

miña lingua de expresión habitual na casa, coa muller e a miña filla, cos amigos, na rúa e tamén no traballo (son profesor de Lingua e Literatura Galegas). Non teño nada contra o castelán, que tamén é unha lingua marabillosa pero en Galiza prefiro usar a nosa lingua propia. Non fun escolarizado en galego, procedo da cidade e do mundo pequeno-burgués, pero si cheguei ao galego a través da concienciación cultural e política (arredor dos 15-16 anos). Desde aquela e máis na Universidade (Compostela) instaleime no galego como lingua usual e non teño necesidade de usar o castelán máis que cando estou fóra de Galiza ou con xente que non me entende en galego”.

Aínda que non respecta as normas do xornalismo, estes parágrafos vou escribilos en primeira persoa. Tamén levo un *blog* en galego. E non tería ningunha novidade o asunto se non fose porque é o único —de momento— que está feito dende Arxentina. Non será porque falten nese recuncho sur do planeta galegos e galegas, nin tampouco cousas que contar. O que faltan son galego-falantes, xa que os/as emigrantes que chegaron sendo nenos, teñen agora uns sesenta anos e con eles morrerá o galego nesta que foi a quinta provincia galega. A miña non é a bitácora máis afastada de Galiza, tamén está Acedre dende os Estados Unidos, que fai unha tarefa extraordinaria ollando o sur dese país-imperio con ollos galegos e ata un galego en Xapón.

Levo dende o ano 1998 o alcume de “torredababel” para os meus correos electrónicos e agora para a páxina que fago en galego. Foi cando na Arxentina o uso de internet se fixo algo máis masivo que entendín que naquel espazo se daba o fenómeno inverso ao da bíblica torre que dividiu os homes: na rede, non é necesario usar unha lingua para comunicarse. Calquera pode atopar información, traducila *online*, completala con outras páxinas (tamén escritas noutras tantas linguas) e terminar coñecendo algo que —ata ese momento— era para nós unha incógnita.

Chámome Débora Campos, son filla de galegos, nai dun neno chamado Santiago, xornalista e profesora na Universidade de Buenos Aires. Todo nesa orde. Aínda que os meus sempre falan galego na casa (e aínda o falan, claro) ningún nolo aprendeu aos novos que xa nacemos en Buenos Aires. Por iso, somos nós as máis fortes evidencias da diglosia que non termina de despexar o sentir dalgúns homes e mulleres.

Con 30 anos, unha década de traballo en xornais e revistas, comecei a ler en galego. Logo chegaron as clases de lingua para principiantes no colexio Santiago Apóstol de Buenos Aires. E finalmente, algunhas palabriñas escritas, sempre con erros, na páxina “Fíos invisibles”, que levo hai menos dun ano.



Púxenlle “Fíos invisibles” porque sempre, na miña vida, tiven ese fíos conectándome coa miña identidade galega e, cando coñecín o meu curmán Lisardo, alá en Ourense, souben que el tiña os mesmos fíos ca min. Fíos invisibles que tecen o noso destino de galegos polo mundo. Fíos que nos unen nunha fala, nunha historia, nun sentir. Fíos que me levan a moitos outros lugares do mundo, onde un galego ten algo para dicir ou quere ler o que escribo. Fíos que me dan alegrías intensas, momento de ledicia enorme, e me traen amigos para toda a vida coma Ana Miranda, a escritora María Rosa Lojo, ou os integrantes da Cátedra de Estudos Galegos da Universidade de Buenos Aires entre tantos, tantos, tantos... Fíos que tecen o noso pasado, este presente e que garanten o noso porvir.

### Anónimos e coñecidos

Elas e eles. Novos e non tan vellos. Anónimos e famosos. Detrás de cada *blog* galego hai xentes de todas as idades, de calquera xénero, de moitas profesións, ata funcionarios ou alcaldes. É o caso do xornalista, músico, escritor e tantas outras cousas Xosé Manuel Pereiro que leva o *blog* “Sihomesi”.

—Unha particularidade da súa bitácora é que vostede é unha persoa coñecida. Que eco teñen aí seus traballos na tele (e nos outros moitos rubros)?

—Eu tamén me cuestionei se facela anónima, co que tería moita máis liberdade á hora de escribir nela, e tamén facela con máis xente. Ao final decidín facela baixo o mesmo nome que a columna impresa porque, de todas formas, nun país tan pequeno coma este, todo o mundo remataría sabendo quen era. Tamén me dá a posibilidade de reflexionar sobre o meu traballo nos outros medios (TVE, *El País*) e criticalo. É unha cousa ben curiosa, constitúe unha oportunidade de autocriticarme (aínda que máis ben aproveito para criticar os demais) e de arrepentirme.

Tamén xornalista, e tamén coñecido, o autor das entrevistas da sección ‘La Cara B’ do xornal *La Voz de Galicia*, Nacho Miras Fole, leva o seu “Rabudo” con moito éxito, moitas visitas e non menos cantidade de comentarios. Aínda que non





sempre sexan amables nin tampouco só referidos aos contidos da bitácora. Cousas da fama: “Só hai unha sección fixa que reflicte o meu traballo en *La Voz de Galicia*, o post dedicado á sección de entrevistas ‘La Cara B’, da que me sinto especialmente orgulloso, incluso cando non queda como me gustaría. Son xa máis de sesenta, e é a primeira vez que un entrevistador de *La Voz de Galicia* chega a semellante número de entrevistas en sección fixa, e son o primeiro que ocupa cunha entrevista unha contraportada durante máis dun ano. Iso é unha gran responsabilidade, pero tamén un grande orgullo. É claro, tamén eres obxecto de críticas feroces e dalgunha que outra loanza, tamén é certo”, conta.

Precisamente sobre os comentarios, Miras Fole admite: “Aféctanme bastante —teño escrito sobre iso— as opinións da xente que aproveita o medio para poñerte podre sen argumentos, amparada no anonimato. Teño en conta as críticas cando son construtivas e prefiro que veñan firmadas, máis que nada porque eu firmo o meu traballo, tanto en *La Voz de Galicia* como no *blog*, e penso que agachar a identidade nunha crítica non é máis que covardía. Tamén me serven, pola contra, para darme ánimos en momentos de dúbida, de decaemento... Este é un traballo que desgasta moito, e nunca veñen mal unhas palmadiñas nas costas, aínda que tampouco as busco”.

Miras Fole engadiu na súa páxina esta semana un texto coa entrevista que lle fixo a Edilberto Alonso, autor de *Galicia será nación*, a canción da que máis se falou nestes días polas súas referencias ao vicepresidente Anxo Quintana. A canción correu polas páxinas ata que as radios e a televisión —pouco despois— deron co asunto, que xa era moi coñecido para os blogueiros. Por iso, o xornalista de *La Voz de Galicia* explicou na súa bitácora por que a nota só se podía ler aí: “É un fenómeno dos *blogs*, o xusto era que se mantivese nos *blogs*”.

A Francisco Castro a fama chegoulle co mes de maio. A súa novela *Spam* gañou o premio Blanco Amor e tantas notas nos medios de comunicación aínda lle deixan algo de tempo para falar da súa bitácora, tamén bautizada co título dun libro: “A canción do naufrago”. “O *blog* naceu hai un ano con dúas ideas básicas: por unha banda, que me servise como un medio de comunicación persoal e de encontro cos lectores dos meus libros, cos asistentes aos meus talleres literarios, e coa propia xente que anda pola blogosfera; e, por outro, coa idea de xerar un espazo de debate e de reflexión sobre o libro, a lectura e a literatura. ¿Como o levo? Bastante ben. Non demanda tanto tempo como desde fóra pode parecer”, asegura.

Aínda que o escritor di que a páxina non ten un uso literario específico, conta que “si é certo que, de cando en vez propoño ‘experimentos literarios’ que saen moi ben, como foi o caso de colgar un artigo meu con aparencia, máis ou menos, de microrrelato e pedirlle aos lectores que o imitasen. O resultado foron varias dúcias de relatos en moi pouco tempo. Pero, claramente, o meu *blog* non é un espazo de creación literaria senón máis ben de opinión, reflexión e debate”.

Lonxe da fama, aínda que sexa moi recoñecida dentro do blogomillo, Marinha de Allegue leva un dos *blogs* máis femininos e esteticamente coidados e completos: tira as fotos, procura as frases e engade unha música para levar aos visitantes unha experiencia integral. Ela mesma conta como e por que o fan así: “Eu traballo en Lilith. Acción Social e Educativa. É unha asociación que traballa no ámbito social baixo a perspectiva de xénero, centrada maioritariamente na práctica educativa e sempre cunha metodoloxía activa, participativa e construtiva. Pola miña condición feminina e polas miñas inquiredanzas persoais estou moi sensibilizada en materia de igualdade. O *blog* é coma unha continuidade escrita do meu sentir diario. Outra das miñas paixóns é a fotografía e todo llo debo ao profesor e grande amigo, xa falecido, Suso Peña, que me ensinou a aguzar o ollo en sintonía co sentimento. O *blog* é un soporte que me permite aunar palabra, son e vistas, que me gusta mesturar coas miñas observacións, frases sempre de mulleres ou miñas propias e música que me fai bailar (a música do *blog* sempre é feminina)”.

Pola súa banda, o escritor Fran Castiñeira atopou nos formatos do *blog* un espazo “para chegar a un público máis amplo, no senso estrito da publicidade da propia obra, cousa difícil para un escritor pouco coñecido dunha lingua minorizada. Un *blog*, ademais, fronte á rixidez dunha simple páxina web, cáseque inmutable e de difícil actualización, oferta sinxeleza, flexibilidade, experimentación e interactividade cos lectores, sen precisar coñecementos informáticos”, detalla.

Mr. Tichborn, coma asina os textos, publica as veces na súa bitácora historias persoais e outras: “meros exercicios literarios e sempre pensados para o *blog*, mais pode que use algún dos ‘microrrelatos’ para algunha publicación”, di e engade: “Escriboos e revisoos na casa no meu ordenador, e súboos ao *blog* no traballo transportándoos nun lápiz USB”. É sobre o uso do galego, ten unha explicación á que non lle sobran palabras: “Penso, escribo e falo galego, son galego, nunca me propuxen facer o *blog* noutra lingua. E o galego é maioritario no meu país, Galicia. Hai que buscar a universalidade partindo da identidade”.



A identidade do poeta Eduardo Estévez si que pode falar de moitos lugares: de Buenos Aires ata Caracas para logo chegar a Galiza. El leva —no formato do *blog*— unha experiencia literaria totalmente novidosa: escribe os poemas dun próximo libro e déixaos á consideración dos lectores que poden suxerir e criticar a evolución de cada texto. Chámao, claro, “libro en construción”.

“Eu crieime en obradoiros literarios”, lembra. “Neses ámbitos un aprende a escoitar as opinións que os demais verquen sobre os teus textos e, sobre todo, aprende a utilizar esas opinións do xeito máis conveniente para o texto. En principio, a idea está a ter unha boa acollida. Houbo quen comentou que lle resulta case ‘obsceno’, exhibicionista. Outro dixo que prefería ver os poemas rematados. Pero en xeral á xente gústalle a idea, visita as páxinas e fai (en directo) comentarios positivos, sobre todo porque a idea lles resulta orixinal e novidosa”.

### Pegadas no chan

O acceso a internet é minoritario. En Galiza e tamén no mundo. Por iso, cando menos é arriscado pensar que a multiplicación de *blogs* galegos é unha “revolución social”, como di Manuel Gago Mariño, un dos autores da investigación sobre a blogosfera galega: “Aínda é moi cedo, por suposto, para prever consecuencias. Pero todo semella apuntar que a explosión *blog* do ano 2005 (un 68 por cento dos existentes na actualidade) está seguindo a un ritmo cando menos similar en 2006. Non debemos crer que estamos, polo de agora, nunha revolución social ou algo parecido. Pero si nun momento no que estamos mudando de receptores de información a emisores, por primeira vez na historia a escala masiva.

Isto, na sociedade occidental, comeza a ter consecuencias na práctica da política e no troco de información. Antes era a prensa o control da política. Nun momento en que os medios ceden como vimbios ante a presión política ou económica, unha elite social, apoiada na tecnoloxía, ocupa o lugar do Cuarto Poder. Isto mesmo acontece a nivel galego, onde filtracións, opinións ou cuestións aparecidas nos *blogs* xa teñen modificado ou detido algunhas decisións políticas”.

—Como xestor da súa páxina e tamén como especialista na comunicación, ¿pensa que internet pode facer algo específico na construción e reforzo do amor pola terra, pola lingua e pola cultura galegas?

—Eu coído que xa o está facendo. Para comezar, a presenza da nosa lingua na rede multiplícase de xeito insospeitado e en direccións que ninguén consideraba no ano 2003. A lingua reinventase a diario na confrontación entre unha sociedade moderna e as redes telemáticas. Ata o momento, só era empregada por contadas institucións, entidades e particulares, pero agora o seu uso está disparado. Ademais, redistribúe a cultura: moita xente de talento obtén agora unha visibilidade que antes non tiña, xa que carecía de redes sociais que facilitasen a súa presenza nos medios de comunicación, nas editoriais ou noutras industrias da cultura. Este factor de redistribución da cultura e de visibilización paréceme relevantísimo para osixenar círculos sociais e iniciativas. Internet favorece tamén algo ao que, ata o momento, non estabamos moi afeitos en Galicia: favorece a creación colectiva e a iniciativa conxunta. Relatos e novelas feitas entre varios, colectivos de ilustradores, xornais feitos pola propia comunidade... é fantástico para a modernida-

de da nosa cultura. Creo que, realmente, aínda nos falta todo por ver neste sentido.

Profesor universitario, Gago proxecta o fenómeno cara á diáspora: “Neste ágora virtual, ninguén está lonxe ou preto. As novas tecnoloxías —tal como xa se prevía que ía ocorrer a finais dos 90— poden pular a presenza da diáspora cara á ágora cibernética na que nos atopamos e rachar con difíciles barreiras. Galicia xa non é só un territorio, senón un espazo cultural e de interacción de fronteiras difusas”. E Xosé Manuel Pereiro tamén ten algo que dicir: “Sobre de todo porque ata agora se relacionaba o galego co atraso, non tiña prestixio social, e vencellándose a internet, aproveitará o prestixio que teñen as novas tecnoloxías”.

Kiko Novas tamén o pensa: “Internet é o futuro. Unha páxina que fale temas que non teñen que ver coa lingua nin con Galicia directamente é o mellor xeito de normalizar a lingua. Se unha persoa castelán-falante entra na Internet para buscar, por exemplo, información sobre coches, viaxes e astronomía e resulta que a le en galego teríamos dado un espectacular paso adiante”. E Veloso: “É posible que teñan influencia antes nas comunidades do estranxeiro que na propia Galicia, aínda que tamén dentro das nosas fronteiras hai espazo para a esperanza. En realidade, creo que hai certos *blogs* que, levados polo prestixio persoal e profesional dos seus facedores —“As uvas na solaina”, “Brétemas” ou “Sihomesi”— poden estar contribuíndo a fomentar o debate e mesmo a crear certas correntes de opinión”. E Nacho Miras Fole: “Si que contribuirán a comunicar e a unir a xente ao través deses fios invisibles. O malo é que Galicia segue a ser un sitio cunha poboación maioritaria que emprega máis as *ordeñadoras* que os ordenadores, unha poboación envellecida á que pouco lle vai cambiar a vida que nós andemos nestas lideiras da rede. En calquera caso, insisto, non pode ser malo estar conectados. Eu teño comunicado máis contigo nestes meses que con toda a miña familia de Arxentina en toda a vida. Logo ¿iso non é un cambio?”

Engádesse Marinha cando di: “É un medio de comunicación moi enérxico e eficaz. Eu mesma, sen ir máis lonxe, grazas a unha web puiden contactar cunha prima da miña nai arxentina que buscaba á miña avoa. Ese foi un momento fermoso; a miña avoa xa falecera e non puido vivilo, pero a miña nai púxose contentísima. Atopar a Zulma foi unha felicidade”. E Fran Castiñeira: “Non só en Galicia senón en todo o mundo o *blog* é un fenómeno de comunicación que está sendo estudado pola súa crecente influencia en correntes de comunicación e pensamento. E Galicia non vai ser unha excepción, non hai máis que lembrar os movementos en internet sobre os aspectos de actualidade galega, como cando a marea negra do *Prestige*

ou as últimas eleccións galegas e españolas. Iso é comunicación”. E Eduardo Estévez: “Creo que, nalgunha medida, xa están a telo. Pero non só dende os galegos do interior cara aos da diáspora, senón tamén no senso contrario. Para os que están fóra, a posibilidade que brinda de establecer e manter contacto cotián co que sucede dentro é moi importante. E para os que estamos dentro, comprender dun xeito máis próximo o que sucede fóra tamén pode axudar a soster(nos) (n) o noso labor diario a prol da cultura”.

Engádesse Marcos Valcárcel cando di: “Internet pode ser poderosísima no reforzo do amor pola terra, a lingua e a cultura galegas. Demóstrano tres feitos concluíntes: (1) a experiencia de Vieiros e outras páxinas e portais semellantes; (2) a forza do galego na blogosfera; e (3) a presenza importante do galego en *blogs* e páxinas da emigración galega, sobre todo americana. Todo isto dálle ao noso idioma posibilidades de comunicación que nunca soñou. E, ademais, con plena liberdade, sen depender do capricho das empresas ou das súas marchas adiante e atrás (hai xornais comprometidos, pouco, co galego, por temporadas: hoxe si, mañá menos; non é este o caso da maioría dos galegos que escribimos en Internet)”.

Por iso, asegura que os *blogs* xa teñen influencia na actualidade de Galiza hoxe: “Penso que xa están a ter esa influencia, aínda que, como é lóxico, é moi difícil de medir. Pero coñezo ben o mundo da prensa escrita e estou seguro de que os responsables e directores dos xornais len os *blogs* galegos. Ata o punto de ‘copiar’ iniciativas como a procura da palabra galega máis fermosa (*La Voz de Galicia* lanzou un concurso semellante ao da iniciativa de “Náufrago”) ou reportaxes como o que lle fusilaron a “O ollo da vaca”. E xa hai nos xornais, seccións e columnas que imitan o estilo e a linguaxe dos *blogs*. E estou seguro de que para moitas persoas a seriedade e credibilidade de moitos *blogs* non é menor da que fornece a radio, a televisión ou a prensa escrita. E o mesmo sucede coas colectividade galegas no mundo: teñen en Internet unha poderosa arma de comunicación libre e gratuíta”.

## De concellos, de ensinós e de fillos

“Hoxe en día se non estás na rede non existes. Internet pode ser un instrumento para que a nosa cultura se revitalice”. Quen o di chámase Xavier F. M. e é o xestor da páxina non oficial, aínda que ben merecería selo, do Concello de Sandiás. Conta como comezou coa idea: “Tiven amoreadas durante anos multitude de artigos, documentos, e outras cousas sobre o meu concello (Sandiás), sobre a lagoa de Antela e sobre A Limia, e decidín buscarlle unha saída para dar visi-

bilidade a tal feixe de documentación. ¿Como fixen? Pois resumín a información e púxena nunha páxina web na que dou a coñecer e poño en valor o rico patrimonio cultural do meu concello e da Limia. É unha iniciativa modesta e moi local. Imaxina se se realizase nos 315 concellos da nosa terra!", entusiásmase.

Xavier considera que "a cultura que nos legan os nosos maiores é coma o capital que nos toca nunha herdanza, podemos queimalo todo por xunto e ao pouco non quedará nada para nós nin para os que veñan detrás, ou movelo, modernízalo e agrandalo para proveito noso e os que veñan despois de nós. As novas tecnoloxías son unha oportunidade para pór en valor a nosa cultura".

Por todo iso, Xavier conclúe: "A lingua e a cultura galegas enfróntanse a unha época de riscos, mais tamén de oportunidades, como son as posibilidades que nos ofrecen as novas tecnoloxías. Eu creo, como di Víctor Freixanes: "Só se queremos ofrecer algo distinto teremos algunha posibilidade de existir, de interesar máis alá de nós mesmos. Postos a petar no mundo, a lingua é un magnífico logotipo".

Pola súa banda, "Ensino en galego" é un *blog* moi particular. O seu autor, Xosé Antón Vicente Rodríguez, explica por que: "Como son mestre, xa hai tempo que levaba algunha páxina en galego sobre temática educativa. Cando descubrín esta nova ferramenta, fíquei impactado pola facilidade de actualización, inmediatez e, sobre todo, pola posibilidade de retroalimentación cos lectores".

Xosé Antón Vicente Rodríguez ve en internet unha posibilidade: "Dende logo que axuda a crear patria e orgullo polo propio, nunha terra tan deturpada por uns e outros. En relación aos *blogs*, creouse na Galiza unha comunidade cibernauta: "O blogomillo" que ten rexistradas máis de 300 ou 400 *blogs* na lingua galega (outros estudos cifran esta cantidade en case un milleiro). É salientable que a maior parte dos usuarios de internet que teñen unha web persoal ou *blog* na Galiza están en galego".

Sen dúbida, precursor dunha palabra que se pode aplicar moi ben a esta historia. O que comezou coma unha páxina fai case unha década, hoxe é un movemento de galegos, galegas e os seus descendentes que se espalla polo mundo. En milleiros de ordenadores, a calquera hora do día, hai un "Fillo de Galiza" que entra no portal máis importante no tema para procurar información, para tentar localizar a algún parente perdido na diáspora ou para aprender a usar o idioma galego. Como non podía ser doutro xeito, o seu creador e xestor vive fóra de Galiza: en Bilbao. Manuel Casal Lodeiro, "Casdeiro" para todos, conta detalles deste traballo nesta entrevista.

—¿Pensa que hai un antes e un despois de "Fillos" no xeito de comunicarse os galegos do mundo e tamén no xeito de construír a galegüidade dende lonxe?

—Non teño ningunha dúbida. Fomos pioneiros e aínda o somos os máis destacados na maioría de iniciativas que están a aproveitar a Rede para construír pontes entre os galegos de todo o mundo.

—Nun mundo no que a lingua galega é minoritaria e que moitos fillos de Galiza non a falan nin a escriben, ¿canto ten feito nese tema "Fillos"?

—Fixemos, hai dous anos e medio, unha enquisa que se interesaba polo impacto no mantemento da galegüidade a nivel persoal entre os nosos usuarios e obtivemos cifras que indicaban que ao 67 por cento deses "Fillos" axudara moito ou bastante o seu coñecemento do idioma galego. Hoxe en día no portal dispoñemos de moitos máis recursos que daquela para aprender e practicar galego, así que supoño que esa taxa non faría senón incrementarse desde entón. De feito, para moitos fillos e netos somos practicamente o seu único contacto coa lingua dos seus pais e avós.

—Vostede ganou un premio cun ensaio sobre os centros galegos tradicionais e o funcionamento de "Fillos". ¿Por que pensas que os gobernos teñen tanta reticencia para implementar cambios nese tema?

—Gustaríame sabelo, francamente. Porque iso permitiría rachar coa incompreensión que teñen cara á nosa actividade. Supoño que é unha mestura de ignorancia, temor a un medio de comunicación como é internet que escapa ao seu control (e están afeitos a ter moi controlados os emigrantes por medio dos centros), rixidez burocrática, falla de espírito innovador... Coidamos que os novos políticos, máis novos e coñecedores do que significa internet, poden á fin decatarse do que lles ofrece internet. Agora ben, non vale só coa vontade, hai que saber facer as cousas con sentido: hai está "Galicia Aberta" como indicador de como non se deben facer as cousas.

Hoxe, "Acedre" falou dos compañeiros mexicanos que teñen o seu traballo nos Estados Unidos. "Rabudo" narrou a súa última incursión ao Monte do Gozo en bicicleta e a precisión dun neno que lle falou en galego. Eu deixei unha serie de cartas familiares e de amigos sobre o uso da lingua na diáspora. E Marcos Valcárcel deixa unhas reflexións co gallo do debate do Estado da Nación, mentres que o editor Manuel Bragado lembra o nome dos últimos escritores galegos que gañaron premios literarios e sinala que moitos deles son tamén blogueiros. Todos, cada un deles, hoxe puxeron outro ladrillo na construción da galegüidade global ■